

Estimadas familias;

Esperamos que estedes tod@s ben, temos que seguir poñendo o noso granciño de area xa que as cousas de momento van paseniño. Estamos a recibir os traballos e e os vídeos ou audios e xa vemos que están a traballar moito; a verdade é un gran esforzo por todas as partes, pero xa estamos a piques de rematar.

En vista de que isto se prolonga propoñemos novo material para traballar esta última quincena de maio. Todo o que suxerimos anteriormente está vixente; lectura, lectura e moitísima lectura..., ditados, creación de frases, diarios, aprendizaxe de pequenos poemas, numeración, problemas de sumas e restas etc.

Si alguén non rematou o anterior material segue co mesmo, os que xa o fixeron comezan con este novo. Como sempre lembramos, cada un axústase a súas posibilidades ou situación.

Achéganse dúas lecturas, unha en galego e outra en castelán. Son pequenos “controis” deste mes. Mandades o vídeo ou audio a finais de maio. En xuño mandaremos outros dous e xa diremos cando envialos para que cheguen antes da data de avaliación.

Seguide mandando traballo para que o vexamos e as lecturas ao ritmo que consideredes. Creo que para eles é importante e serve de estímulo.

Un saúdo e ánimo, xa falta menos.

Isabel e Chus.